



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Prácticas externas en Políticas migratorias / Mediación intercultural		Código	615472101	
Titulación	Mestrado Universitario en Migracións Internacionais: Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	10	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación				
Coordinación		Correo electrónico			
Profesorado		Correo electrónico			
Web	www.esomi.es				
Descrición xeral	As prácticas externas en Políticas Migratorias / Mediación Intercultural son unha parte esencial da formación profesionalizante do estudiantado que curse o Mestrado universitario Oficial en Migracións Internacionais (MOMI) na Universidade da Coruña, pois lles permite ter un achegamento á realidade laboral do sector e especialización para os que se están formando. As prácticas realizáanse en todo tipo de entidades (públicas, privadas, do 3º sector) que traballen no ámbito das migracións, ben sexa no deseño e xestión de políticas e programas destinados á poboación inmigrante, ben no ámbito da mediación intercultural.				

Competencias do título

Código	Competencias do título
A1	Comprender os límites epistemolóxicos do estudo das migracións internacionais e a natureza esencialmente política que sostén a definición e identificación do fenómeno migratorio.
A3	Relativizar e valorar o impacto das migracións internacionais nas sociedades de orixe e destino en función do cambio social que xeran, dos intereses en xogo, e da construción social das identidades culturais
A4	Profundidade na análise dos movementos migratorios asociados á historia e á situación actual de Galicia, como orixe e como destino
A5	Comprender os argumentos filosóficos e xurídicos tras as distintas perspectivas sobre as migracións internacionais e as problemáticas sociais que xeran.
A9	Manexar os conceptos fundamentais no estudo das migracións internacionais
A11	Ter suficiente capacidade de abstracción para presentar o fenómeno migratorio dende unha perspectiva macro-sociolóxica e na súa relación máis ampla coa estrutura social e o mercado de traballo
B1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos
B4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos
B5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo
B6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse
B7	Resolver problemas de forma efectiva
B8	Comunicarse de xeito efectivo nun ámbito de traballo
B9	Traballar de forma autónoma con iniciativa
B10	Traballar de forma colaboradora



B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional
B12	Capacidade para interpretar, seleccionar e valorar conceptos adquiridos noutras disciplinas do ámbito social
B15	Capacidade para resolver problemas con iniciativa, toma de decisións, creatividade, razoamento crítico e de comunicar e transmitir coñecementos, habilidades e destrezas
C1	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C2	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras a fin de emprender, xestionar ou dirixir organizacións ou empresas do terceiro sector.
C3	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C4	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C5	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
	Aprender a xestionar a diversidade no entorno laboral e socio-profesional, especialmente a derivada de procesos migratorios.	AM1 AM3 AM5 AM9 AM11	BM2 BM3 BM4 BM7 BM8 BM9 BM10 BM11
Aprender a deseñar plans, políticas e programas destinados á poboación migrante, en calquera das vertentes nas que se expresen estas políticas (control de fluxos, acceso a servizos, integración,...)	AM3 AM4	BM1 BM2 BM3 BM5 BM6 BM7 BM8 BM10 BM11 BM12 BM15	CM1 CM3 CM4 CM5
Ser capaz de desenvolver e propiciar relacións de diálogo e mediación exitosas en contextos de diversidade cultural, favorecendo o traballo en equipo e a resolución de conflitos.		BM2 BM3 BM4 BM6 BM8 BM10 BM11	CM1 CM4 CM5

Contidos	
Temas	Subtemas
A asignatura de prácticas externas non desenvolve contidos en forma de temas.	

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A1 A3 A4 A5 A9 A11 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B15 C1 C2 C3 C4 C5	0	10	10
Atención personalizada		240	0	240

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>O/a alumno/a deberá realizar as prácticas en políticas migratorias / mediación intercultural nunha entidade conveniada co mestrado. Ao final do período de prácticas, deberá entregar un informe do traballo realizado, de acordo co/a seu/súa titor/a no centro de prácticas e a súa titora académica.</p> <p>Para os/as estudantes que cursen a modalidade online, se ofrecerá no período de matrícula unha listaxe actualizada das entidades conveniadas co mestrado para a realización das prácticas. Os/as estudantes deberán comunicarse coa responsable da materia no caso de que teñan que realizar as prácticas nun lugar diferente para promover e asinar os convenios que sexan necesarios con entidades adecuadas para a realización destas prácticas. Neste último caso, a matrícula nas prácticas quedará condicionada á sinatura efectiva de dito convenio; proceso que, por outra banda, axudará a ampliar a base de entidades de colaboración coa que actualmente conta esta titulación. O Máster conta cun amplo listado de entidades colaboradoras para as prácticas presenciais dentro da provincia de A Coruña, e neste momento estamos ampliando esta base para poder facilitar o listado de entidades en outras cidades. En cualquier caso se explicará aos alumnos a distancia que han de cumprir con idénticos criterios de avaliación nas prácticas, que serán presenciais en ambas modalidades. No caso de no existir convenio previo cunha cidade ou país determinado condicionárase a matrícula a que poda efectuarse a firma dun convenio previo, tal como se ven facendo en anos previos coa modalidade presencial.</p> <p>Dado que o título se atopa en proceso de extinción, prégase ao estudantado que teña esta materia pendente que se poñan en contacto coa profesora da materia para a realización das prácticas.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A atención personalizada consistirá na asistencia para a elección do centro de prácticas, a supervisión do traballo que se realiza na entidade correspondente e a axuda e resolución de dúbidas na elaboración do traballo tutelado ou informe final de prácticas. A atención personalizada poderá realizarse de modo presencial ou a distancia (de acordo coas ferramentas que a Moodle proporciona neste sentido) en función da modalidade que curse cada estudante.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A3 A4 A5 A9 A11 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B15 C1 C2 C3 C4 C5	O informe ten un valor do 80% da nota final das prácticas. O restante 20% corresponde ao informe de avaliación expedido polo/a titor/a do centro de prácticas.	100

Observacións avaliación



O estudiantado, con independencia de que curse a modalidade presencial ou online do mestrado, deberá entregar un informe ao final do período de prácticas, que será lido e debatido pola titora académica a través dunha titoría co/a estudante en cuestión (presencial ou online). Ademais, o/a titor/a do centro de prácticas emitirá un informe de avaliación que será remitido directamente por esta entidade conveniada á titora académica das prácticas para garantir a privacidade dos contidos deste informe.

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías